



VIAJEROS

De la Antigüedad al Nuevo Mundo

Edición a cargo de
Javier Castiñeiras López
Marta Cendón Fernández

UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

VIAJEROS
De la Antigüedad al Nuevo Mundo

VIAJEROS
De la Antigüedad al Nuevo Mundo

EDICIÓN A CARGO DE
Javier Castiñeiras López
Marta Cendón Fernández

CON LA COLABORACIÓN DE
Natalia Conde Cid
Israel Sanmartín Barros

2021
UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA



Esta obra atópase baixo unha licenza internacional Creative Commons BY-NC-ND 4.0. Calquera forma de reprodución, distribución, comunicación pública ou transformación desta obra non incluída na licenza Creative Commons BY-NC-ND 4.0 só pode ser realizada coa autorización expresa dos titulares, salvo excepción prevista pola lei. Pode acceder Vde. ao texto completo da licenza nesta ligazón: <https://creativecommons.org/licenses/by-nc-nd/4.0/deed.gl>

Todos os estudos incluídos neste libro, así como a publicación no seu conxunto, foron sometidos a un proceso de avaliación por pares. A edición foi financiada pola Rede de Estudos Medievais Interdisciplinares, cos fondos obtidos na convocatoria pública da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria - Xunta de Galicia: Programa de consolidación e estruturación de unidades de investigación competitivas do SUG (modalidade de redes), ED431D- R2016/004.

© Universidade de Santiago de Compostela, 2021

Deseño e maquetación

Tania Sanmartín
Imprenta Universitaria

Edita

Edicións USC
Campus Vida
15782 Santiago de Compostela
www.usc.gal/publicacions

DOI: <https://dx.doi.org/10.15304/op.2026.1327>

Fotografía: M. Dolores Barral Rivadulla



IN MEMORIAM ANA MARÍA DOMÍNGUEZ FERRO
Por tantos viajes compartidos

El mundo es un libro y aquellos que no viajan solo leen una página.

San Agustín

ÍNDICE

1.- VIAJE Y TERRITORIO EN LA EDAD MEDIA

- Mariña Bermúdez Beloso:** As viaxes interiores: as relacións entre territorios galegos na época medieval..... 21
- Ana Paula Leite:** «... *Que hy prestes estaua como home caminhante con seu daardo na maõ...*». Implicaciones de una movilidad obligada en un dominio que cruza fronteras (siglos XII a XV)..... 37
- Bruno Tadeu Salles:** Perceber o espaço, manter a propriedade, definir o território: diálogos entre a História Medieval e o Direito Agrário. 51

2.- PODER EN RUTA

- M^a Concepción López:** Ulises, Eneas, y Odoario. El relato del héroe: memoria histórica y épica literaria del viajero..... 71
- Santiago López/Santiago Gutiérrez:** Fernando I, peregrino a Santiago: fortuna literaria de un episodio controvertido..... 89
- Ronhinson Penha:** A imagem de Carlos Magno na Crônica Pseudo-Turpin: Viagens e propagação de heróis francos na Península Ibérica..... 107
- Giordano Viçose:** *Viagem Sacra:* Gelmírez e a busca de reliquias..... 115
- Adriana Vidotte:** Viajar para gobernar: os deslocamentos de Isabel, a Católica (1474-1504). 127

3.- UNA RELIGIÓN QUE TRANSITA

- Mari Luz Ríos/Juan Coira:** El viaje como prueba. Caminos de santidad en la Edad Media peninsular..... 147
- Javier Castiñeiras López:** Un viaje de ida y vuelta: los trabajos escultóricos en Braga y Mondoñedo durante los albores del románico. 161
- Rafael Fandiño Fuentes:** «Caput argenteum»: dos identidades, una realidad. 177
- Fabiana Oliveira:** A educação da criança no século XIII. 193
- Francisco Javier Pérez Rodríguez:** Los caminos de la Observancia: la difusión de la reforma de San Benito de Valladolid en el siglo XV. 207
- Adailson Rui:** São Tiago, um viajante do Antigo para o Novo Mundo. 233
- Bruno Hermes de O. Santos/ Carlos Tadeu Siepierski:** O corpo nos exercícios espirituais. Notas sobre a pessoa jesuítica no século XVI. 253

4.- ITINERANCIA DE MODELOS

- Claudio Carlán:** Caminos de la economía romana: las monedas del Museo Histórico Nacional y la Península Ibérica en la Antigüedad Tardía..... 273
- Manuel Aneiros Loureiro:** La imagen del jinete del caballo blanco en el Codex Urgellensis: un modelo iconográfico que llega de Oriente. 285
- Helena Bermúdez Sabel:** Trobadores de corte en corte: visualización dos centros culturais ibéricos tardomedievais 295
- María Novoa Fernández:** Viajando en la Edad Media: cuando Compostela y Belén se encuentran en un mismo camino..... 309
- Sara Carreño López:** El viaje de imágenes por mar y la legitimación de su culto: el caso del Santo Cristo de Ourense. 319
- Mónica Rey Cabezudo:** La representación del tocado de cornes, del Ducado de Borgoña a Galicia. 331
- Alicia Padín Buceta:** El alabastro de La Trinidad de Vilanova de Arousa. 347
- M. Dolores Barral Rivadulla:** Revisitando la catedral medieval de Lugo. 357

5.- CONOCER UN MUNDO NUEVO

- Estela Estévez Benítez:** Los pueblos monstruosos: la visión de Occidente de los pueblos del Este..... 377
- Francesca Ferroni:** *Erec s'an va, sa fame an moinne, Ne set ou, mes en aventure* (vv. 2778-9): el viaje de Erec y Enide en el *roman* de Chrétien de Troyes..... 387
- M^a Gloria de Antonio Rubio:** Galicia como receptora y emisora de viajeros judíos y conversos (S. XV-XVII). 401
- Begoña Fernández Rodríguez:** Los ecos del descubrimiento de América y las memorias de un viaje: imágenes y monumentos para la creación de una identidad en Galicia..... 419
- Alisson Eugenio:** Narrativas sobre os povos conquistados e suas condições de vida no Novo Mundo. 439
- Trinidad Fernández:** Amerigo Vespucci y Girolamo Benzoni, dos italianos en el Nuevo Mundo..... 455
- Luis Alexandre Cerveira/Sandro Cerveira:** Um conceito desembarca na América. O Levante «Comunero» contra Cabeza de Vaca..... 469

Fernanda Aparecida/Katia Rodrigues: Un viaje por el pasado: Malinche, de Laura Esquivel	483
Ana Rita Gonçalves Soares: Sobre viajes y castillos: la recreación contemporánea de la realidad medieval.....	493
6.- HACIA EL MÁS ALLÁ	
Israel Sanmartín Barros: Los tiempos en el viaje de San Brandán.	501
Miguel García-Fernández: Viajes en vida y viajes <i>post mortem</i> en las últimas voluntades de la Galicia de los siglos XII al XVI.	521
María Canedo Barreiro: Preparativos para a derradeira viaxe. Escultura funeraria baixomedieval pertencente ó cabido catedralicio compostelán....	539
Julio Vázquez, Carlos J. Galbán, Natalia Conde: Viaje a los infiernos. Una visita a las cárceles gallegas en 1603.....	551

CAPÍTULO I
VIAJE Y TERRITORIO EN LA EDAD MEDIA

As viaxes interiores: As relacións entre territorios galegos na época medieval

Mariña Bermúdez Beloso
Universidade de Santiago de Compostela

O concepto de viaxe leva asociadas unha serie de ideas como desprazamento, percorrido, traslado, ida etc., que teñen en común o movemento entre dúas ou máis realidades. Este movemento, e as realidades entre as que se produce, pode ser ben físico, real, ou ben simbólico; respondendo a este último carácter falaríase de viaxes imaxinadas, figuradas, mentais, fronte ás outras, as evidentes, as que supoñen o desprazamento dunha persoa ou obxecto dun lugar a outro. Ao afondar un pouco máis no propio concepto cabe asociarlle a idea de comunicación, de novo coas dúas vertentes física e simbólica; no que respecta á primeira delas, responde á idea de comunicación entre lugares, entre cidades por exemplo, pero tamén entre realidades máis amplas, como os territorios. É este último aspecto o que interesa: as relacións entre territorios na Galiza medieval¹, na busca das unións entre eles e polo tanto das posibles viaxes que se poderían producir.

A viaxe que aquí se propón mestura os dous compoñentes mencionados, o simbólico e o real, o figurado e o físico, e máis que ao desprazamento remite á comunicación e á relación entre territorios, aínda que estes non sexan contiguos. Viaxe entendida como unión, que á súa vez vén definida por dous aspectos: as entidades territoriais e as personaxes que as controlan.

As fontes documentais permiten achegarse ao coñecemento do territorio galego na época alto e plenomedieval; o traballo con elas leva a constatar a existencia dunha estrutura, dunha rede, na que se articulaban unha serie de entidades administrativas distintas que se entretecían ata formar

¹ Os límites cronolóxicos sitúanse a mediados do século XIII, seguindo o fixado para a tese de doutoramento dentro da que se encadra este traballo, dirixida polo profesor D. Fernando López Alsina e que leva por título «O espazo do occidente peninsular e a súa organización territorial (ca. 700-ca. 1250)».

unha malla que abranguía todo o espazo galego. Unha das maiores dificultades para o seu estudo radica na variedade de palabras empregadas para referirse a realidades en aparencia similares. De entre esta multiplicidade de termos e conceptos que aluden aos distintos elementos a través dos que se artellaba o territorio centrase a atención na *terra*², que será definida a continuación; no relativo ás figuras que exercían o control sobre esas entidades os estudados serán aos *tenentes*. Ambos conceptos, *terra* e *tenente*, van neste caso unidos inevitablemente, pois non se pode explicar e entender un sen o outro.

Polo que respecta en primeiro lugar ao elemento vinculado á realidade espacial, é preciso retrotraerse ás orixes da historiografía moderna peninsular, e dentro desta máis concretamente a H. da Gama Barrose a súa obra dedicada á historia da administración pública en Portugal nos séculos XII a XV³. Nela ofrece a primeira definición de *terra* da que temos constancia: *terra* como distrito do delegado superior do rei⁴, como circunscrición administrativa, xudicial e militar en que se dividía o reino, cuxo goberno estaba a cargo dun xefe ou *tenens* elixido polo rei entre os *ricoshomes*, e que comprendía un ou máis xulgados, que á súa vez constaban de freguesías⁵. Con relación ao termo *territorium* (intimamente relacionado co de *terra*), este autor indica que ao empregalo co sentido que el dá á *terra* non habería diferenza de significado, e que na documentación se utilizarían ambos para facer referencia a un mesmo distrito, pero que a partir do século XI prevalecería a denominación de *terra*⁶.

² Optouse por destacar en letra cursiva todas aquelas palabras que estean en latín. No caso de *terra* e *tenente*, aínda que son dous termos que figuran no dicionario galego actual, emprégase a cursiva para remarcar que remiten aos usos do latín medieval, non aos significados actuais.

³ H. da Gama Barros (1945-54). Trátase da segunda edición da obra en once volumes, os primeiros dos cales viron a luz 20 anos despois do falecemento do autor (que se producira no ano 1925); a publicación prolongouse ata o ano 1954. A primeira edición, publicada en vida do autor salvo o último libro, tiña unha estrutura distinta desta, en cinco volumes: o I foi publicado en 1885, o II en 1896, o III en 1914 e o IV en 1922. O V quedou inédito ata a reedición dos anos 40, dirixida por T. Sousa Soares. De cronoloxía semellante son dúas obras de A. López Ferreiro (1895 e 1898-1909) que resultan capitais para o estudo da realidade galega medieval, tanto desde o punto de vista da historia política como eclesiástica e municipal, aínda que por cuestións de limitación do espazo non serán referidas con máis detalle.

⁴ «(...) *Terra* era o nome com que em Portugal se designavam mais geralmente, nos seculos XII e XIII, os districtos dos delegados superiores do rei; mas já no seculo XI Sampiro chamava *terra* ao districto governado por um *dux* (...)». H. da Gama Barros (1945), volume I, p. 222.

⁵ «(...) Aproximadamente até findar o seculo XIII, as mais graduadas circumscrições administrativas, judiciais e militares em que se dividia o reino, umas maiores que outras, chamavam-se *terras* e o superior goberno de cada uma (ás vezes de mais) estava a cargo d'um chefe, *tenens*, escolhido pelo rei entre a ordem mais elevada da nobreza, os ricos-homens. As terras comprehendiam um ou maior numero de *julgados*, e estes constavam de *freguesias*. (...)». H. da Gama Barros (1954), volume XI, pp. 44-45.

⁶ H. da Gama Barros (1954), volume XI, p. 11.

Dando un salto no tempo ata finais da década dos 60 do século xx, H.Grassotti pon en relación os conceptos de *terra*, *honor* e tenencia. Do primeiro, o que interesa nesta ocasión, di que fora empregado para designar «a toda clase de unidades políticas o fundiarias dadas en tenencia por los reyes», pero que quizais tería visto limitado o seu contido ao «imponerse el uso de la frase *inhonorem* con el significado de cesión beneficiaria con función pública aneja»⁷.

Nunha das definicións máis recentes, F. López Alsina sinala unha serie de aspectos en relación coa *terra*: é un distrito para o exercicio do poder (en especial o reguengo), ten uns límites precisos, agrupa un número considerable de parroquias (encadrando así homes, herdades e *uillae*) e pódese fraccionar internamente en distritos menores, os termos parroquiais⁸. Tamén dos últimos anos é a definición que propón C. Baliñas Pérez, para quen a *terra* é «(...) unha gran comarca natural, que comprende no seu interior territorios menores (...)»⁹.

As definicións recollidas, xunto con outras de corte semellante propostas por outros investigadores e investigadoras, non son contraditorias entre si senón que se complementan unhas ás outras. Partindo dos distintos traballos precedentes, propónse a definición da *terra* como un distrito ou circunscrición (administrativa, xudicial e militar) para o exercicio do poder no que se dividía o reino, que estaba a cargo dun delegado do rei, que tiña uns límites precisos e que se caracterizaba pola agrupación de parroquias ou freguesías¹⁰.

A continuación entra en escena o segundo dos elementos mencionados con anterioridade, directamente relacionado coa *terra*: o *tenente*. Xa H. da Gama Barros introduce este termo á hora de definir a circunscrición territorial obxecto de análise: o *tenente* sería o delegado do rei que exerce o poder no seu nome dentro dun territorio con límites precisos e que agrupa un conxunto de parroquias, isto é, unha *terra*¹¹.

⁷ H. Grassotti (1969), volume II, p. 573.

⁸ F. López Alsina (2008), pp. 76 e 84.

⁹ C. Baliñas Pérez (2006), p. 95.

¹⁰ En relación aos estudos sobre territorio medieval, definicións de termos etc., a bibliografía é bastante máis ampla, desde outros estudos da historiografía portuguesa, ben clásicos (P. Merêa, A. Girão, 1948, por exemplo), ou máis recentes (L. C. Amaral, 2007), á obra de autores españois como J. Á. García de Cortázar (1999 e 2004, entre outras obras dedicadas ao tema), ou estudos específicos sobre Galiza, como A. Isla Frez (1989), C. Baliñas Pérez (1992, 2006, 2014) ou M^a C. Pallares Méndez e E. Portela Silva (2015).

¹¹ H. da Gama Barros (1954), volume XI, pp. 44-45.

Un dos estudos máis completo destas figuras atópase nun traballo de J. González do ano 1944, a monografía dedicada ao monarca leonés Afonso IX¹²; de entre todos os elementos cos que caracteriza a estas personaxes sinaláranse só algúns dos fundamentais para a súa comprensión. En primeiro lugar, o que definía aos *tenentes* era o feito de que o rei lles concedía a tenencia ben de entidades administrativas (*terrae* por exemplo), ben de cidades ou castelos, para que as gobernasen no seu nome; aquelas tenencias máis importantes recaerían nos nobres máis próximos ao monarca. Era habitual que un mesmo *tenente* tivera ao seu cargo varias tenencias, polo que con frecuencia se axudaban doutros nobres ou xente da súa confianza para asegurar o control efectivo do espazo asignado, ante a imposibilidade de estar en todos os territorios que lles foran encomendados. Estes *tenentes* facían as veces do rei dentro do espazo ao seu cargo, ocupándose, entre outras cuestións, de vixiar o cumprimento da lei. O rei, a cambio, proporcionáballes beneficios como a entrega de herdades, e serían os encargados de percibir e administrar parte dos tributos¹³.

Unha vez presentados e caracterizados nos seus elementos principais os conceptos de *terra* e *tenente* cómpre retomar o fío argumental do principio, a idea de viaxe, neste caso presentada por medio da documentación e co escenario dos territorios galegos medievais. Entra ademais en xogo outro factor, como é o dos tópicos ou ideas preconcebidas sobre o medievo. Tendo en conta as dificultades de comunicación da época da que se está a falar, a precariedade dos medios de transporte (principalmente desprazamentos a pé, ou a cabalo para aqueles co privilexio de dispoñer dun) e as propias características físicas do territorio galego (orografía complicada, que segue condicionando en grande medida as comunicacións na actualidade), non sería estraño pensar nas viaxes como algo puramente anecdótico. Porén, a pouco que se fai unha aproximación á realidade que presenta a documentación, o panorama é un tanto distinto.

Serve de mostra o caso do bispo Xelmírez, de cuxas viaxes dá conta a *Historia Compostellana*¹⁴. Entre as máis coñecidas están a de Braga (libro I,

¹² Máis concretamente, dentro do segundo capítulo do volume I, centrado no poder. J. González (1944), volume I, pp. 343-361. De publicación máis recente é un traballo de I. Álvarez Borge (2008) centrado no reinado do rei Afonso VIII de Castela e que amplía e complementa as ideas de J. González, sendo compatibles as propostas de ambos autores en moitas das cuestións esenciais.

¹³ J. González (1944), volume I, pp. 343-347.

¹⁴ E. Falque Rey (1988); da tradución E. Falque Rey (1994).

capítulo xv, onde ten lugar o famoso episodio do pío latrocinio), e a de Roma a pedir o palio (libro I, capítulos xvi e xvii¹⁶; cóntanse varias paradas durante a ruta, por exemplo en Tolosa e en Cluny); tamén se narran nesta obra máis viaxes a Portugal e outros desprazamentos internos. Con todo, non se debe esquecer a excepcionalidade deste personaxe, pola súa condición de representante da alta xerarquía eclesiástica e polo activo papel que xogou na vida política e relixiosa do momento.

En canto ás vías de comunicación, hai estudos que axudan a achegarse á realidade das mesmas no período delimitado, entre os que destaca o da profesora E. Ferreira Priegue sobre os camiños medievais en Galiza¹⁷. Á marxe de consideracións específicas sobre este traballo nos seus mapas, tanto o xeral como os correspondentes ás catro provincias actuais, preséntase unha rede de camiños de considerable densidade que abarca en boa medida o conxunto do territorio galego. Isto parece indicar que os desprazamentos debían ter unha certa consideración, tanto dentro do territorio como entre o espazo galego e os adxacentes (Portugal, Asturias e León). Tampouco se pode esquecer, en relación coa cuestión das vías de comunicación, o Camiño de Santiago como ruta de entrada en Galiza e de circulación interior.

Isto permite ver unha rede de camiños cun certo grao de artellamento, un bispo que se despraza pola Península Ibérica e fóra dela, un espazo (o galego) dividido en distintas circunscricións administrativas e unhas figuras que se encargaban do control de entidades ben delimitadas por delegación do rei. Todos estes elementos observados en conxunto levan a pensar que a relación entre territorios galegos podería ser de certa consideración, o que se tentará argumentar por medio de exemplos documentais, empregando a figura dos *tenentes* como fío e tendo en conta as funcións (xa mencionadas) que lles atribúe J. González e a práctica habitual da concentración de varias tenencias nunha mesma figura.

Con este fin seleccionáronse tres documentos da época de Afonso IX editados en dúas coleccións documentais distintas: o número 141 do *Tumbo A de la Catedral de Santiago* (de 4 de maio de 1188)¹⁸, e os documentos 50 (de 17 de xuño de 1188) e 54 (de setembro de 1190) da *Colección documental del Archivo de la Catedral de Ourense*¹⁹. Os tres teñen unha serie

¹⁵ E. Falque Rey (1988), pp. 31-36; da tradución E. Falque Rey (1994), pp. 94-99.

¹⁶ E. Falque Rey (1988), pp. 36-43; da tradución E. Falque Rey (1994), pp. 99-106.

¹⁷ E. Ferreira Priegue (1988).

¹⁸ M. Lucas Álvarez (1998), pp. 282-285.

¹⁹ M. B. Vaquero Díaz, F. J. Pérez Rodríguez (2010), volume I, pp. 137-139 e pp. 144-146.

de elementos en común, de aí a escolla: trátase de tres confirmacións de privilexios e posesións, todas realizadas polo monarca Afonso IX, cunha cronoloxía moi próxima (dous de 1188 e un de 1190), con beneficiarios do ámbito eclesiástico (a igrexa de Santiago no primeiro caso e a de Ourense nos outros dous), e nos tres hai un número considerable de *tenentes* como confirmantes da acción documental. Por cuestións de espazo déixase á marxe o seu contido, aínda que tamén é de interese para os temas aquí tratados xa que nos tres se fala de distintas posesións encadradas nas súas realidades territoriais respectivas.

Centrándose nas confirmacións e nas figuras que aparecen nelas²⁰, para o documento procedente de Santiago os *tenentes* presentes nas cláusulas finais son once; polo que respecta aos de orixe ourensá, son sete no caso do documento 50 e un total de nove no 54. A continuación inclúese unha táboa na que figuran os *tenentes* e a súas respectivas *terrae*, tal e como aparecen nos tres textos. Están presentados en tres columnas para facilitar a comparativa e identificar os paralelos e as diferenzas.

Táboa 1. *Tenentes* presentes como confirmantes nos tres documentos analizados.

Tumbo A, doc. 141 (1188)		C.D. Ourense, doc. 50 (1188)		C.D. Ourense, doc. 54 (1190)	
<i>Comes Gumez tenens</i>	Transtamar	<i>Comes Gumiz tenens</i>	Transtamarem	<i>Comes Gomiz tenens</i>	Transtamarem
	Montemrosum		Montem Rosum		Montem Rosum
	Limiam		Li[miam]		
	Lemos		Lemos		Sarram
<i>Comes Fernandus tenens</i>	Beneuentum	<i>Comes Fernandus tenens</i>	Beneuentum	<i>Comes Fernandus tenens</i>	Extrematuram
	Cemoram		Cemoram		
	Extremaduram				
<i>Froila Ramirez tenens</i>	Astoricam	<i>Froila Ramiriz</i>	Astoricam	<i>Comes Froila tenens</i>	Villam Francam
	Sarriam		Sarriam		Vallem Carceris
	Montemnigrum		Montem Nigrum		
<i>Uelascus Fernandiztenens</i>	Salamancam	<i>Velascus Fernandi</i>	S[ala]maticam		
	Beriz		Beriz		
				<i>Fernandus Uele tenens</i>	Beneuentum
					Lemos
<i>Pontius Uele tenens</i>	Asturias de Tineu	<i>Pontius Uele</i>	Asturias de Tineu	<i>Pontius Uele tenens</i>	Asturias
	Vaabia		Uaabia		Vaabias

²⁰ As páxinas concretas das confirmacións dos tres documentos son as seguintes: M. Lucas Álvarez (1998), p. 284, para o documento 141; M^a B. Vaquero Díaz e F. J. Pérez Rodríguez (2010), volume I, pp. 138-139 para o 50 e p. 146 para o documento 54.

<i>Goterrus Fernandiz cum Ruderico Aprilis tenens</i>	Mansellam	<i>Goterrus Fernandi</i>	Mansellam		
			Castrum Terram		
<i>Rudericus Petriz tenens</i>	Uilarpandum				
	Medietate Tauri				
<i>Aluarus Didaz tenens</i>	Syerium				
	Casum				
<i>Goterrus Sebastiani tenens</i>	Cabrales				
<i>Fernandus Arie tenens</i>	Castrellum de Veiga	<i>Fernandus Arie</i>	Castrellum de Ueiga	<i>Fernandus Arie tenens</i>	Castrellum
					Albam de Buual
				<i>Iohannes Fernandi tenens</i>	Limiam
				<i>Pelagi²¹us Subredina tenens</i>	Candrei
					Sanctam Eniam
				<i>Pelagius Muniz tenens</i>	Souerosum
					Morgadanes

A pesar de que a atención se centra no caso galego, inclúense todos os *tenentes* presentes nos documentos porque se cre que axudan a entender mellor as consideracións feitas previamente en relación á realidade territorial e aos delegados rexios²². Como se pode observar, as coincidencias son maiores entre os dous documentos do ano 1188, percibíndose mudanzas máis significativas xa no de 1190; en canto aos cambios, danse tanto nos *tenentes* que actúan como confirmantes como nos territorios sobre os que estes exercían o seu control por delegación rexia. En total son cinco as figuras presentes nos tres textos, dúas que aparecen nos do ano 1188 (documentos 141 e 50)²³, tres que só aparecen no documento 141 (ano 1188) e outras tres só mencionadas no 54 (ano 1190).

²¹ Este «IohannesFernandi, regissignifer, tenensLimiam» (p. 146) aparece tamén no documento 50 da catedral de Ourense, como «IohannesFernandiz, regissignifer» (p. 139), pero sen tenencia asociada. M. B. Vaquero Díaz, F. J. Pérez Rodríguez (2010), volume I, pp. 137-139 e pp. 144-146.

²² Faise referencia máis concretamente á explicación teórica incluída ao inicio deste artigo, de H. da Gama Barros, H. Grassotti, J. González e F. López Alsina. A táboa ilustra parte desas definicións, o que viría probar, ou canto menos complementar, as afirmacións destes autores e as propias. Tamén cabe facer referencia á ausencia, neste caso, de mencións a territorios portugueses: non se debe esquecer que os documentos seleccionados pertencen a unha etapa posterior á formación do reino de Portugal, o que explica esta falta de dominios lusos. En principio o rei de León non podería conceder aos seus nobres o control de circunscricións administrativas que formaran parte dun reino distinto do seu. Isto non implica en ningún caso que no reino creado por Afonso Henriques se abandonara este sistema, pero por limitacións de espazo non se poden incluír aquí exemplos de documentación portuguesa.

²³ No caso dunha delas, a tenencia de *Mansellam*, no documento 141 serían dous os nobres á fronte, o que se expresa da seguinte forma: «Goterrus Fernandiz cum Ruderico Aprilis, tenens Mansellam, conf.».

Unha vez identificadas as coincidencias e diferenzas entre os tres listados de *tenentes* confirmantes centrarase a atención nos territorios que cada un deles controlaba, para o que se sinalarán unha serie de cuestións xerais antes de pasar a analizar un exemplo concreto. En primeiro lugar cómpre fixarse no caso, bastante frecuente, de *tenentes* que teñen ao seu cargo territorios do ámbito galego e de fóra deste, como sucede con *Froila Ramirez*, quen aparece no documento 141 do *Tumbo A* e no 50 da *Colección documental del Archivo de la Catedral de Ourense* como «tenens Astoricam, Sarriam et Montemnigrum»²⁴, isto é, Astorga, Sarria e Montenegro. A primeira destas circunscripcións está dentro do espazo leonés, mentres que as outras dúas se encadrarían dentro de Galiza, máis concretamente na actual provincia de Lugo. Completando a comparativa co documento 54, todo apunta que o *Froila Ramirez* presente nos documentos de 1188 é o *Comes Froila* que aparece en 1190²⁵. Considerando certa esta premisa, dáse a circunstancia de que en 1190 as entidades ao seu cargo son totalmente distintas: *Villam Francam* e *Vallem Carceris*²⁶, o que podería constituir un exemplo de mudanza nas tenencias controladas por un *tenente*.

Tamén se observan cambios no caso de *Fernandus Arie*, quen figura como «tenens Castellum de Veiga» nos dous documentos de 1188²⁷ e como «tenens Castellum et Albam de Buual» no de 1190²⁸. Ao facer unha comparativa entre varios documentos non é estraño identificar novas tenencias na nómina das dependentes dunha mesma figura, especialmente territorios limítrofes ou próximos entre si como é este caso²⁹.

M. Lucas Álvarez (1998), p. 284. Fronte a isto, no 50 só aparece *Goterrus Fernandi*, pero a cargo de dúas *terrae*, *Mansellam e Castrum Terram*, M^a B. Vaquero Díaz e F. J. Pérez Rodríguez (2010), volume I, p. 139.

²⁴ A cita literal está tomada do documento 141 do *Tumbo A*, M. Lucas Álvarez (1998), p. 284. No documento 50 da colección da catedral de Ourense o que figura é «FroilaRamiriz, Astoricam, Sarriam et MontemNigrum», M^a B. Vaquero Díaz e F. J. Pérez Rodríguez (2010), volume I, p. 139.

²⁵ Así o sostén, entre outros autores, Simon Barton. S. Barton (2008), p. 84-85.

²⁶ M^a B. Vaquero Díaz e F. J. Pérez Rodríguez (2010), volume I, p. 146.

²⁷ A cita literal está tomada do documento 141 do *Tumbo A*, M. Lucas Álvarez (1998), p. 284. No documento 50 da colección da catedral de Ourense o que figura é «FernandusArie, Castellum de Ueiga», M^a B. Vaquero Díaz e F. J. Pérez Rodríguez (2010), volume I, p. 139.

²⁸ M^a B. Vaquero Díaz e F. J. Pérez Rodríguez (2010), volume I, p. 146.

²⁹ Segundo a investigación que se está a desenvolver no momento da elaboración deste artigo, a *terra* de Búbal situaríase no límite entre as actuais provincias de Ourense e Lugo, ao leste do Carballiño, conformada por freguesías que na actualidade pertencen aos concellos de Ourense, Vilamarín, A Peroxa e Coles na provincia ourensá, e a Carballedo no caso lucense. Ademais, comparando coa organización diocesana dos séculos XV e XVI (por medio do “Memorial tumbo de parroquias y beneficios de la Diócesis Auriense (1489)”, M. L. Ríos Rodríguez 2009, pp. 11-535, e do apéndice dedicado á provincia de Ourense no *Censo de población de las provincias y partidos de la Corona de Castilla en el siglo XVI*, T. González 1829, pp. 273-279), compróbase como a dignidade ou arceidiagado de Búbal se situaría no territorio identificado para a *terra* de época medieval. Por outro lado, *Castrellum de Ueiga*, segundo, entre outros, os editores da

Para a análise dun caso concreto elixiuse unha figura que aparece en primeiro lugar entre os *tenentes* nos tres diplomas, sempre ao cargo de entidades pertencentes ao espazo galego: o *Comes Gumez*³⁰, *Comes Gumiz*³¹ ou *Comes Gomiz*³². Dáse de novo a situación de que coinciden dous a un os documentos, os dous de 1188 fronte ao de 1190: nos primeiros dise que este tal *comes Gumez* era o «tenens Transtamar, Montemrosus, Limiam et Lemos»³³, mentres que no terceiro se lle atribúen outras tenencias: «Comes Gomiz, tenens Transtamarem et Montem Rosum et Sarram»³⁴. Trastámara e Monterroso como puntos comúns nos tres, e logo Limia e Lemos fronte a Sarria; como se pode ver na táboa 1, en 1190 Limia estaría baixo control de *Iohannes Fernandi* e Lemos de *Fernandus Uele*, mentres que en Sarria segundo os documentos de 1188 o *tenente* sería *Froila Ramiriz*, como xa foi comentado con anterioridade.

No mapa 1 incluído a continuación recóllese unha localización aproximada dos cinco territorios dos que se está a falar³⁵.

Colección documental del Archivo de la Catedral de Ourense, sería un lugar do actual concello de Castrelo de Miño (M^a B. Vaquero Díaz e F. J. Pérez Rodríguez 2010, volume I, p. 500), que limita polo norte co sur do que se propón que é a *terra* de Búbal.

³⁰ M. Lucas Álvarez (1998), pp. 284.


³¹ M^a B. Vaquero Díaz e F. J. Pérez Rodríguez (2010), volume I, p. 138.

³² M^a B. Vaquero Díaz e F. J. Pérez Rodríguez (2010), volume I, p. 146.

³³ A cita literal está tomada do documento 141 do *Tumbo A*, M. Lucas Álvarez (1998), p. 284. No 50 da colección da catedral de Ourense o que figura é «Comes Gumiz, tenens Transtamarem, Montem Rosum, Lemos et Li[miam]», M^a B. Vaquero Díaz e F. J. Pérez Rodríguez (2010), volume I, p. 138.

³⁴ M^a B. Vaquero Díaz e F. J. Pérez Rodríguez (2010), volume I, p. 146.

³⁵ Os distintos tipos de letra do mapa están en relación directa co documento ou documentos no que se menciona cada unha das *terrae* como tenencias do *comes Gomiz*. Están por un lado Trastámara e Monterroso como os territorios comúns nos tres casos, logo Limia e Lemos, asociados ao conde *Gumez* nos documentos 141 do *Tumbo A* e 50 da colección da catedral de Ourense, e por outro Sarria, só vinculada a esta personaxe no documento 54 da colección ourensá. O mapa base empregado é a organización diocesana actual, unha licenza que pode ser cuestionable pero que semella menos anacrónica que empregar as provincias actuais, e que responde á idea de que é máis doado para o lector ou lectora ter algún tipo de división que axude a situarse no espazo, fonte ao mapa en branco.



Mapa 1. As *terrae* do Comes Gomez

Por medio do mapa chégase ao que se quería propoñer neste artigo: a relación entre territorios galegos. Vese no mapa como o *tenente* do que se está a falar tería baixo o seu control entidades entre as que, se non é por unións coma esta, non se atopa conexión aparente dado que en moitos casos non hai continuidade espacial. Constátase isto de xeito evidente no caso de Trastámara e Limia, zonas certamente afastadas e con varias entidades administrativas distintas entre ambas, pero tamén no de Monterroso e Limia, ou Monterroso e Trastámara. Atendendo á organización eclesiástica os territorios mencionados pertencen a tres dioceses distintas: Santiago de Compostela, Lugo e Ourense.

Ante que sitúa isto? Pois ante un grande espazo, o galego, que estaba conformado por unha serie de entidades territoriais que se articulaban e relacionaban entre si, formando un todo. E este vínculo non estaría só condicionado polo contacto directo, é dicir, non se daría só entre *terrae* veciñas, ou entre as que estiveran encadradas nunha mesma diocese, senón que habería outros contactos a máis longa distancia como os aquí vistos, determinados pola figura a quen o rei outorgaba o seu control. Porque, cómpre lembrar, o *tenente* exercía unha serie de funcións de goberno fundamentais por

delegación do rei. Aínda que el á súa vez podía delegar en nobres da súa confianza, non sería tamén de supoñer que coñecera eses territorios baixo o seu dominio, que os visitara, ou incluso que repartira o seu tempo entre eles?

Bispos, *tenentes* e unha densa rede de camiños. Tres elementos presentados para ilustrar as posibles comunicacións internas entre territorios galegos, pero non son os únicos. Poderíase falar por exemplo dos notarios, figuras que tamén permiten facer unha análise similar á realizada cos *tenentes*, xa que con frecuencia exercían a súa función pública en máis dun territorio³⁶. Non se trata para nada dun fenómeno illado, senón que se constata para diferentes cronoloxías e por toda a xeografía galega, desde Johan Dominguez, quen en 1283 era notario en Asma, Dorra e Camba³⁷, a Pero Dominguez, quen exercía en Monterroso e Asma no 1286³⁸, pasando por Pedro Eanes Mixon, notario no ano 1268 en Orcellón, Castela, Búbal e Bolo de Senda³⁹.

Todas estas entidades (Asma, Dorra, Camba e as demais citadas) non son senón *terrae*, ao igual que o eran as recollidas na táboa 1, o que vén reafirmar a condición destas como circunscricións nas que se dividía o reino para o seu mellor control. Nos tres exemplos mencionados estase a falar de territorios próximos e veciños, non tan afastados como algúns dos representados do mapa 1, pero en calquera caso o feito de que un notario exercera en máis dunha *terra* implica un desprazamento, ben por parte del mesmo, ou ben por parte de quen precisara dos seus servizos, aínda que a menor escala que no caso do *Comes Gumez*.

Máis alá da denominación que se lle outorga a cada unha das entidades, que van desde as de menor tamaño ás grandes circunscricións que comprendían ás anteriores, o feito é que forman parte dun conxunto máis amplo aínda que á súa vez as abrangue a todas, o reino, que ten a súa máxima expresión na figura do rei. Cómpre lembrar que para o período ao que pertencen os exemplos documentais seleccionados non se pode falar aínda dunha

³⁶ Bernardo de Sá Nogueira define ao *notarius publicus*, xurdido desde aproximadamente o século XII, como titular da función pública de conferir autenticidade legal ao documento. B. de Sá Nogueira (2008), p. 16.

³⁷ «Eu Johan Dominguez notario publico dado de inffante don Sancho in Asma et in Dorra et in Camba, foy presente et fiz esta carta a praçer das partes et pus y meu signo». M. Romaní Martínez (1990-2008), volume II, pp. 1107-1108, documento 1165.

³⁸ «Eu Pero Domingez, teente as vezes de Joan Dominguez notario publico del rey en terra de Monte Rosso et d-Asma, (...)». M. Romaní Martínez (1990-2008), volume II, pp. 1122-1123, documento 1182.

³⁹ «Eu Pedro Eanes Mixon notario dado del Rey en tierra de Orcellon, de Castella, de Bupal, de Bolo de Senda fui presente et escribi et pono meu sino». S. Cambón Suárez (1957), volume V, p. 1614, documento 693.

corte estable e permanente, senón que se mantén a itinerancia dos monarcas, tal e como se constata en moitos documentos rexios dados en distintos puntos dos que conformaban o reino en cada momento. Por tanto, fálase dun rei que viaxa, que percorre os territorios, pero non é o único: como se ve nos tres documentos comentados para os *tenentes*, o propio monarca parece favorecer as relacións entre circunscricións, ao outorgar a xente da súa confianza o goberno de entidades afastadas entre si, tanto dentro como fóra dos límites galegos. Descendendo na xerarquía social, os notarios proban tamén como non se pode falar de estatismo e inmovilismo, no seu caso xeralmente entre espazos máis próximos, pero igualmente diferenciados.

A pouco que se faga unha aproximación á documentación medieval galega e se preste atención á toponimia e os lugares nos que transcorren as accións que nela se recollen, a realidade que se presenta é unha na que predomina a diversidade de nomes, tanto para referir ás entidades como en dita toponimia, pero tamén na que parecen darse abundantes e case constantes relacións entre territorios. O que se tentou mostrar, por medio dos *tenentes* tomados como exemplo, e de forma máis lacónica cos notarios, é que o espazo galego era algo dinámico, cunha estrutura propia e no que se daban relacións internas entre zonas próximas e tamén entre outras máis afastadas, e tanto nun sentido literal e físico de desprazamento coma noutro máis figurado, vinculado ao control político, pero que á súa vez establecía relacións e, por extensión, comunicacións e viaxes. Cando nun documento de 1188 se le a confirmación do *comes Gumez* como *tenente* de Trastámara, Monterroso, Limia e Lemos, estase a establecer un vínculo entre ditas entidades que parte da pertenza a un espazo común, o reino, compartido cos demais que forman esa realidade, pero que se estreita no seu caso polo dominio que sobre eles exerce unha mesma figura, e ao mesmo tempo leva ao lector do documento a percorrer en segundos unha parte considerable da xeografía galega. O poder político como un dos grandes axentes sobre o territorio, ao que tamén acompañarán os demais elementos que conforman a sociedade. Á fin e ao cabo, que nos impide pensar na posibilidade de que un campesiño dunha *villa* de Trastámara escoitara falar da Limia, na afastada diocese ourensá, polas posesións do mosteiro de Toxos Outos naquelas terras? E, quizais, algún que outro emprendeu unha viaxe interior entre unha e outra *terra*. Quen sabe.

Bibliografía

- Álvarez Borge, I., *Cambios y alianzas: La política regia en la frontera del Ebro en el reinado de Alfonso VIII de Castilla (1158-1214)*, Consejo Superior de Investigaciones Científicas, Madrid, 2008.
- Amaral, L. C., *Formação e desenvolvimento do domínio da diocese de Braga no período da Reconquista (século IX-1137)*, Tese de Doutoramento inédita, Porto, 2007.
- Baliñas Pérez, C., *Do mito á realidade: A definición social e territorial de Galicia na Alta Idade Media (séculos VIII e IX)*, Fundación Universitaria de Cultura, Santiago de Compostela, 1992.
- Baliñas Pérez, C., «Terra, tempo e xente: as orixes altomedievais da comarcalización de Galicia» en *Lingua e territorio* (R. Álvarez, F. Dubert García, X. Sousa Fernández), Consello da Cultura Galega, Santiago de Compostela, 2006, pp. 93-101. Disponible en: http://consellodacultura.gal/mediateca/pubs.pdf/lingua_territorio.pdf [Última consulta: 01/04/2017].
- Baliñas Pérez, C., «El *territorium saliniense* y los orígenes altomedievales de la comarca de Arousa» en *Arousa medieval y románica. I Simposio de Historia y Patrimonio Cultural de Vilagarcía de Arousa [celebrado en Vilagarcía de Arousa, 9,11 e 19 de mayo de 2014]* (A. Guedes de Castro), Concello de Vilagarcía de Arousa, Vilagarcía de Arousa, 2014, pp. 69-103.
- Barton, S., «Alfonso IX e a nobreza do reino de León» en *Alfonso IX e a súa época = Alfonso IX y su época: Pro utilitate regni mei* (F. López Alsina, C. Pena Buján, R. Sánchez Ameijeiras), Concello da Coruña, Gobierno de España, Ministerio de Cultura, Sociedad Estatal de Conmemoraciones Culturales [A Coruña, Madrid], 2008, pp. 71-87.
- Cambón Suárez, S., *El monasterio de Santa María de Melón (siglos XII-XIII)*, Tese de Doutoramento inédita, Santiago de Compostela, 1957.
- Falque Rey, E., *Historia Compostellana*, Brepols, Turnhout, 1988.
- Falque Rey, E., *Historia Compostelana*, Akal, Madrid, 1994.
- Ferreira Priegue, E., *Los caminos medievales de Galicia*, Boletín Auriense Anexo 9, Ourense, 1988.
- Gama Barros, H. da, Sousa Soares, T., *Historia da Administração Pública em Portugal nos Seculos XII a XV* (11 volumes), LivrariaSá da Costa, Lisboa, 1945-54.

- García de Cortázar, J. Á. (ed.), *Del Cantábrico al Duero. Trece estudios sobre la organización del espacio en los siglos VIII a XIII*, Servicio de Publicaciones de la Universidad de Cantabria, Santander, 1999.
- García de Cortázar, J. Á., *Sociedad y organización del espacio en la España medieval*, Universidad de Granada, Granada, 2004.
- González, T., *Censo de población de las provincias y partidos de la Corona de Castilla en el siglo XVI. Con varios apendices para completar la del resto de la Península en el mismo siglo*, Imprenta Real, Madrid, 1829. Disponible en: <http://bibliotecadigital.jcyl.es/i18n/consulta/registro.cmd?id=7823>[Última consulta: 01/04/2017]
- González, J., *Alfonso IX*, CSIC, Instituto Jerónimo Zurita, Madrid, 1944.
- Grassotti, H., *Las instituciones feudo-vasalláticas en León y Castilla* (2 volúmenes), Centro Italiano di Studi sull' Alto Medioevo, Spoleto, 1969.
- Isla Frez, A., *La sociedad gallega en la Alta Edad Media (siglos IX-XII)*, Universidad Complutense de Madrid, Madrid, 1989.
- López Alsina, F., «La articulación de las unidades de organización social del espacio en Galicia durante la Edad Media: villa, parroquia, terra» en *La pervivencia del concepto: nuevas reflexiones sobre la ordenación social del espacio en la Edad Media* (J.Á. Sesma Muñoz, C. Laliena Corbera, coords.), Universidad de Zaragoza, Zaragoza, 2008, pp. 57-111.
- López Ferreiro, A., *Fueros municipales de Santiago y de su tierra*, Imprenta del Seminario Conciliar Central, Santiago de Compostela, 1895. Disponible en: <https://archive.org/details/fuerosmunicipaleoolpez>[Última consulta: 01/04/2017]
- López Ferreiro, A., *Historia de la Santa A. M. Iglesia de Santiago de Compostela*, Imprenta del Seminario Conciliar Central, Santiago de Compostela, 1898-1909. Disponible en: <https://archive.org/details/historiadelasantao4lpez>[Última consulta: 01/04/2017]
- Lucas Álvarez, M., *Tumbo A de la Catedral de Santiago*, Seminario de Estudios Galegos, Cabildo de la S.A.M.I. Catedral, Santiago de Compostela, 1998.
- Merêa, P., Girão, A., *Territórios portugueses no século XI*, Faculdade de Letras da Universidade de Coimbra, Coimbra, 1948.
- Nogueira, B. de Sá, *Tabelionato e instrumento público em Portugal*, Imprensa Nacional-Casa da Moeda, Lisboa, 2008.
- Pallares Méndez, M^a C, Portela Silva, E., «Para una lectura histórica del paisaje. La impronta medieval» en *El territorio en la historia de Galicia*.

- Organización y control. Siglos I-XXI* (Pereira Menaut, G., Portela Silva, E.eds.), Universidade de Santiago de Compostela, Servizo de Publicacións e Intercambio Científico, Santiago de Compostela, 2015, pp. 97-151.
- Ríos Rodríguez, M. L., «Memorial tumbo de parroquias y beneficios de la Diócesis Auriense (1489)», *Liceo Franciscano*, nº 184-186 (ano 60), 2009, pp. 11-535.
- Romaní Martínez, M., *A Colección diplomática do Mosteiro Cisterciense de Santa María de Oseira (Ourense)*, Tórculo, Santiago de Compostela, 1990-2008.
- Vaquero Díaz, M^a B., Pérez Rodríguez, F.J., *Colección documental del Archivo de la Catedral de Ourense* (2 volumes), Centro de Estudios e Investigación «San Isidoro», Caja España de Inversiones, Archivo Histórico Diocesano, León, 2010.

Estas páginas viajan a través del tiempo y del espacio, de la historia, el arte y la literatura. Derribar fronteras, disciplinas encorsetadas y enfoques unívocos ha sido la línea fundamental de la Red de Estudios Medievales Interdisciplinares, que alienta y promueve esta monografía coral, un enriquecedor trabajo de colaboración entre grupos de investigación que se ocupan de la Edad Media, de distintas áreas de conocimiento de Filología, Historia Medieval, Historia del Arte, pertenecientes tanto a la Universidad de Santiago como a las de Vigo, A Coruña y Porto, y al Instituto de Estudos Galegos «Padre Sarmiento» del CSIC. *Viajeros. De la Antigüedad al Nuevo Mundo* hace suyo el pensamiento de Mark Twain : «Viajar es un ejercicio con consecuencias fatales para los prejuicios, la intolerancia y la estrechez de mente».